

Even-Zohar, Itamar 1995. "A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario". X. M. Gómez, C. Noia e M. Sola Bravo trans. *Viceversa* nº 2 (1996) pp. 59-65.

A POSICIÓN DA TRADUCCIÓN LITERARIA DENTRO DO POLISISTEMA LITERARIO*

Itamar Even-Zohar

Universidade de Tel Aviv

* *VICEVERSA* Nº 2 (1996) pp. 59-65. A versión galega (do texto publicado baixo el título "The Position of Translated Literature within the Literary Polysystem", en "[Polysystem Studies](#)" (= *Poetics Today* 1990, vol. 11:1), pp. 9-85.) é de X. M. Gómez, C. Noia e M. Sola Bravo, da licenciatura de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo.

[\[Introducción ó texto por Camino Noia, pp. 57-58\]](#)

© *VICEVERSA*, Revista Galega de Tradución, (Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Vigo).

© *Itamar Even-Zohar* 1997 - All rights reserved

*Dedicado á memoria de James S Holmes, un excelente
estudiante de traducción e un amigo moi querido*

I

A pesar de que os historiadores da cultura recoñecen amplamente o importantísimo papel que a traducción representou e representa na cristalización das culturas nacionais, ata o de agora a penas se investigou neste eido. Polo xeral, nas historias da literatura só se mencionan as traducións cando é imprescindible, por exemplo ó trataren da Idade Media ou o Renacemento. Claro que sempre se poden atopar referencias esporádicas a traducións literarias individuais noutros períodos, pero poucas veces a súa inclusión no repertorio histórico é coherente. En consecuencia, é moi difícil facerse unha idea da función que desempeña a literatura traducida ou a posición que ocupa dentro do conxunto dun determinado sistema literario. Aínda máis, non é só que ninguén teña consciencia de que a literatura traducida poida existir como un sistema literario particular, senón que a traducción ou as obras traducidas se estudian, polo xeral, individualmente. ¿Hai algunha base lóxica que permita outro enfoque, é dicir, considera-la literatura traducida como un sistema? ¿O tipo de rede de relacións culturais e verbais, que estamos convencidos de que existe na literatura orixinal, é o mesmo que actúa no grupo heteroxéneo de textos traducidos? ¿Tendo en conta que as obras traducidas se presentan como textos autónomos, recollidos doutras literaturas e afastados do seu contexto orixinal, en consecuencia neutralizadas dende o punto de vista das loitas entre o centro e a periferia, ¿cales son os vínculos que as unen?

A miña tese baséase na consideración de que as obras traducidas se relacionan, polo menos, de dúas maneiras diferentes coa literatura orixinal: En primeiro lugar, na forma en que os textos orixinais son escollidos pola literatura de recepción, posto que os principios de escolla están vencellados ós cosistemas orixinais da literatura de recepción (por dicilo do xeito máis prudente), e en segundo, na forma en que estas obras traducidas asumen unhas normas, un comportamento e unha política específicas, dito en poucas palabras, no emprego que fan do repertorio literario, e que son o resultado das súas relacións cos outros cosistemas orixinais. Estas relacións non só aparecen no nivel lingüístico, senón tamén en calquera nivel que se escolla. Polo

[fin da páxina] 59

tanto, a literatura traducida quizais posúa unha rede de relacións propia, que, ata certo punto, podería mesmo ser exclusiva ¹.

Parece que estes argumentos fan non só xustificable senón tamén obrigado falar da literatura traducida. Se non a recoñecemos, non sei como van progresar adecuadamente os estudos para describir e explica-lo funcionamento do polisistema literario sincrónico e diacrónico. Noutras palabras, considero a literatura traducida non só un sistema integrado dentro de calquera polisistema literario, senón un sistema moi activo dentro del. Pero, ¿cal é a súa posición dentro do polisistema e como se relaciona esa posición coa natureza de todo o seu repertorio? Debido a que a tradución literaria ocupa unha posición periférica no estudio da literatura, poderíamos estar tentados de deducir que tamén no polisistema literario ocupa unha posición periférica; sen embargo, isto de ningunha maneira é así. Que a literatura traducida se sitúe no centro ou na periferia e que a súa posición se relacione con repertorios innovadores (primarios) ou conservadores (secundarios) depende da articulación específica do polisistema estudado.

II

Dicir que a literatura traducida se mantén nunha posición central dentro do polisistema literario significa que participa activamente na conformación do centro do polisistema. Nunha situación así, constitúe unha parte integrante fundamental das forzas innovadoras, e como tal é probable que a identifiquen con fitos da historia literaria mentres se están a producir. Isto quere dicir que, nesta situación, desaparece a distinción nidia entre escritos traducidos e escritos orixinais e que, a miúdo, son os escritores máis destacados (ou os membros da vangarda que están a un paso de selo) os que realizan as mellores ou as máis apreciadas traducións. Aínda máis, nesta situación, cando están a emerxer novos modelos literarios, a tradución pode moi ben chegar a ser un medio para elaborar un novo repertorio. A través das obras estranxeiras, vanse introducindo na literatura orixinal características (tanto teóricas coma prácticas) que antes non existían. Isto posiblemente englobe non só novos modelos de ve-la realidade, para substituí-los vellos que xa non son efectivos, senón tamén todo un abano doutros trazos, coma tal, unha nova linguaxe (poética) ou novas estruturas e técnicas de composición. É evidente que mesmo os cri-

1. Sobre este aspecto, véxase Gideon Toury, "Translational Solutions on the Lexical Level and the Dictionary", en *International Conference on Meaning and Lexicography: Abstracts*. Lodz, University of Lodz, 1985, editado por Jerzy Tomaszczyk e Barbara Lewandowska, pp. 87-89. E tamén, "A Rationale for Descriptive Translation Studies", en Hermans, Theo (ed.) *The Manipulation of Literature: Studies in Literary Translation*. London and Sidney, Croom Helm, 1985, pp. 16-41.

terios de selección das obras que han ser traducidas veñen determinados pola situación que regula o polisistema (orixinal). Os textos escóllense segundo a súa compatibilidade cos novos enfoques e o suposto papel innovador que poidan desempeñar dentro da literatura de recepción.

Daquela, ¿cales son as condicións que deron orixe a unha situación deste tipo? Considero que se poden distinguir tres casos principais, que son basicamente diferentes manifestacións da mesma lei: a) cando se trata dun polisistema aínda non cristalizado, é dicir, cando a literatura aínda é "nova" e está en proceso de consolidación; b) cando se trata dunha literatura "periférica" (dentro dun grupo amplo de literaturas relacionadas) ou "feble" ² ou ámbalas dúas cousas á vez; e c) cando unha literatura se encontra ante unha encrucillada, no medio dunha crise ou nun baleiro creativo.

No primeiro caso a literatura traducida vén cubri-la necesidade que unha literatura nova ten de poñe-la súa lingua, hai pouco creada (ou renovada), a funcionar na maior cantidade posible de xéneros literarios para facela útil como variedade literaria e que poida ser utilizada por uns usuarios que está comezando a ter. Posto que unha literatura "nova" non pode crear, nun curto espacio de tempo, textos en tódolos xéneros literarios, benefíciase da experiencia doutras literatura, e así, a literatura traducida chega a ser un dos sistemas máis importantes. Algo moi semellante acontece no segundo caso, o das literaturas xa relativamente establecidas pero con recursos limitados e nunha posición, polo xeral, periférica dentro dunha xerarquía literaria máis ampla. Como consecuencia desta situación, estas literaturas a miúdo non adoitan desenvolver un abano completo de actividades literarias (organizadas en diferentes sistemas) como o das literaturas adxacentes máis fortes que, por esta razón poden chegar a ser consideradas indispensables. E quizais tamén necesiten crear un repertorio textual propio a causa do seu posible conflito coa literatura adxacente. Nesta situación, as literaturas periféricas poden encher completamente esta lagoa con literatura traducida que, desá maneira, podería fornecer de textos grande parte dos xéneros literarios. Sen embargo, moito máis importante é outra consecuencia desta situación: a capacidade de innovación que teñen estas literaturas febles é a miúdo menor cá das literaturas centrais e máis fortes, polo que é posible que apareza unha relación de dependencia non só nos sistemas periféricos destas literaturas febles, senón na súa propia cerna. Para evitar malos entendidos, quero subliñar que estas literaturas poden chegar a ocupar, ás veces, unha posición central en certa medida

2. Enténdese por "feble", unha literatura que está minorizada por outra coa que convive, por razóns de menor prestixio cultural e falta de funcionalidade. Para o concepto de "feble" pódese consultar o artigo do mesmo autor "Interference in Dependent Literary Polysystems" (As interferencias nos polisistemas literarios dependentes), na revista *Poetics Today*, volume 11, nº 1, primavera de 1990, Durham (EE. UU.), Duke University Press.

análoga á que ocupan os sistemas periféricos dentro dun determinado polisistema, mais non é posible trata-lo tema aquí.

Visto que as literaturas periféricas dos países máis desenvolvidos a miúdo adoitan ser idénticas ás literaturas de nacións máis pequenas e pobres, por desagradable que nos resulte a idea, non queda máis remedio que admitirmos que, dentro dun grupo de literaturas nacionais relacionadas, como as literaturas europeas, establécense relacións xerárquicas dende o momento do seu nacemento. Dentro deste (macro)polisistema algunhas literaturas adoptaron posicións periféricas, o que quere dicir que foron creadas, en grande medida, sobre o modelo dunha literatura allea. Para esas literaturas, a tradución non só constitúe a principal canle pola que se importan os repertorios de moda, senón que é, ademais, unha fonte de alternativas temáticas e de reestructuración formal. Xa que logo, mentres que as literaturas máis ricas ou máis fortes poden recibir novidades procedentes dalgún sistema periférico situado dentro das súas fronteiras, as literaturas febles, en situacións así, con frecuencia dependen unicamente da importación para anovarse.

A dinámica no interior dun polisistema dá orixe a momentos de inflexión, ou sexa, momentos históricos en que os modelos establecidos deixan de ser válidos para a xeración máis nova. En momentos así, e mesmo nas literaturas non periféricas, a literatura traducida pode chegar a situarse nunha posición central. Isto resulta aínda máis certo cando nesa situación de inflexión non se acepta nada do repertorio autóctono e, en consecuencia, xorde un baleiro literario na produción do país. Mentres dura, é moi doado que se introduzan modelos estranxeiros e, daquela, a literatura traducida poida que chegue a ter unha posición central. No caso das literaturas "febles" ou literaturas en perpetuo estado de empobrecemento pola falta de producións literarias (que existen nunha literatura veciña ou nunha allea pero accesible), a situación é incluso máis abafante.

III

Ó afirmarmos que a literatura traducida se mantén na periferia, estamos dicindo que constitúe, dentro do polisistema, un sistema periférico que, polo xeral, emprega modelos secundarios. En tal situación, a tradución non inflúe para nada nos procesos fundamentais e constrúese segundo normas que xa están establecidas de forma convencional polos modelos máis prestixiados da literatura autóctona. Neste caso, a literatura traducida convértese nun importante factor de conservadorismo. Mentres que a literatura orixinal coetánea quizais siga a desenvolver novas normas e modelos, a literatura traducida cínquese a normas que o centro establecido rexeitou anteriormente. Desta maneira, os textos traducidos deixan de manter correlacións positivas coa creación orixinal.

[fin da páxina] 62

Neste contexto, xorde un paradoxo ben interesante: a traducción, pola cal se poden ir introducindo novas ideas, exemplos e características dentro da literatura, convértese nun medio de preservar o gusto tradicional. A discrepancia entre a literatura central orixinal e maila literatura traducida pode evolucionar de diferentes maneiras, por exemplo, cando a literatura traducida, despois de asumir unha posición central e de introducir novas referencias, perde axiña o contacto coa literatura orixinal, que seguiu cambiando, e convértese nun factor de mantemento dun repertorio sen cambios.

Así, unha literatura que puido emerxer como un modelo revolucionario é posible que siga existindo como un *système d'antan* petrificado, a cotío gardado de forma ritual polos axentes de modelos secundarios incluso en contra de cambios menores.

As condicións que permiten este segundo estadio son, desde logo, diametralmente opostas ás que dan orixe a unha literatura traducida como sistema central: ou non hai ningún cambio importante no polisistema ou estes cambios non se efectúan por medio da intervención de relacións interliterarias materializadas en forma de traducións.

IV

A hipótese de que a traducción literaria pode constituír un sistema central ou un periférico non significa que sempre teña que ser un ou outro. Como todo sistema, a literatura traducida está estratificada e, segundo unha análise polisistémica, con frecuencia tódalas súas relacións dentro do sistema establécense a partir da vantaxosa posición do seu estrato central. Isto quere dicir que mentres que unha sección da traducción literaria pode ocupar unha posición central, outra pode quedar arrombada na periferia. Na análise que segue sinalo as estreitas relacións existentes entre os contactos literarios e o estatus da traducción literaria. Seméllame que isto é a clave de todo. Cando hai unha interferencia forte, a traducción literaria que procede dunha fonte literaria máis importante é a que se sitúa en posición central. Por exemplo, no polisistema literario hebreo de entre guerras a traducción de obras literarias rusas adoptou unha clara posición central e, pola contra, as obras traducidas do inglés, o alemán, o polaco e doutras linguas tiveron unha clara posición periférica. Aínda máis, posto que as traducións do ruso orixinaron normas tradutoras máis importantes e innovadoras, as traducións doutras obras literarias copiaron os modelos e as normas creadas por aquelas.

O material histórico analizado polo de agora en termos de operacións polisistémicas é demasiado escaso para fornecer ningunha conclusión certa acerca das posibilidades que ten a traducción literaria de situarse nunha determinada posición. Mais os traballos realizados neste campo por outros estudiosos, ademais da miña propia investigación, sinalan que a posición

"normal" da literatura traducida é a periférica. En principio, isto debería ser compatible coa especulación teórica. Débese asumir que, a longo prazo, ningún sistema pode estar nun perpetuo estado de febleza, de mudanza ou crise, aínda que non se debe desbota-la posibilidade de que algúns polisistemas permanezan neses estados durante longo tempo. Aínda máis, non tódolos polisistemas están estruturados da mesma maneira e as culturas son realmente moi diferentes. Por exemplo, é evidente que o sistema cultural francés, incluíndo, claro está, a literatura francesa, é moito máis rixido cá meirande parte dos outros sistemas. Isto, xunto coa tradicional posición central da literatura francesa no contexto europeo (ou no macro-polisistema europeo), provocou que a traducción de obras literarias francesas ocupase sempre unha posición totalmente periférica. A situación da literatura anglo-americana é moi semellante, mentres que, neste aspecto, as literaturas rusa, alemana ou escandinava amosan pautas de comportamento diferentes.

V

Que consecuencias pode te-la posición asumida pola traducción literaria sobre as normas, os comportamentos e a política da traducción. Como xa menciónnei antes, a distinción entre unha obra traducida e o seu orixinal en termos de conducta literaria depende da posición tomada pola traducción literaria nun momento determinado. Cando esta adquire unha posición central, os lindeiros fanse "difusos" e a mesma categoría de "obra traducida" pode ser estendida tamén ás semi-traduccions ou ás cuase-traduccions. Desde o punto de vista da teoría da traducción, para tratar de tales fenómenos penso que é mellor seguir este camiño ca rexeitalo baseándonos nunha concepción estática e ahistórica da traducción. Ó adquirir unha posición relevante, a actividade traductora participa no proceso de creación de novos modelos primarios e, por isto, a tarefa principal do traductor non é simplemente buscar modelos xa establecidos na súa propia historia literaria para traduci-los textos orixinais, senón que mesmo debe estar preparado nestes casos para viola-las normas establecidas no sistema literario propio. Con estas condicións, as posibilidades de que unha traducción sexa máis fiel ó orixinal en termos de adecuación (é dicir, unha reprodución das relacións textuais dominantes do orixinal) son meirandes ca se fose á inversa. Desde logo, desde o punto de vista da literatura de chegada, as normas de traducción que se adoptaron poderían ser consideradas durante un tempo como alleas e revolucionarias, e se este novo modelo cae derrotado na loita literaria, a traducción feita de acordo con estes novos gustos e concepcións nunca gañará realmente un espacio propio. Pero, se o novo modelo triunfa, o repertorio (código) da literatura traducida ha quedar enriquecido e farase moito máis flexible. Os períodos de cambio intenso no sistema do país son, de feito, os únicos momentos en que o traductor está pre-

parado para ir máis alá das opcións que lle ofrece o repertorio doméstico establecido e, tamén, disposto para experimentar un novo tratamento no proceso de creación textual. Lembremos que en condicións estables os modelos que faltan no sistema propio poden non ser transferidos se o seu polisistema impide as innovacións. Pero o proceso de abrir gradualmente o sistema pode provocar que algunhas literaturas se acheguen cada vez máis e, a longo prazo, permite crear unha situación na que os postulados da adecuación na tradución e mailas realidades da equivalencia cheguen a un nivel moi elevado. Este é o caso das literaturas europeas, aínda que nalgunhas delas os mecanismos de rexeitamento foron tan fortes que os cambios dos que estou falando só se produciron dunha forma limitada.

Naturalmente, cando a tradución literaria ocupa unha posición marxinal compórtase dunha maneira totalmente diferente. Neste caso, o esforzo principal do traductor oríentase exclusivamente á procura dos mellores modelos secundarios que foron elaborados en textos estranxeiros e, a miúdo, o resultado chega a ser unha tradución non axeitada ou (dito doutra maneira), créase unha discrepancia máis grande entre a equivalencia conseguida e a adecuación procurada.

Noutras palabras, o estatus socioliterario da tradución non depende unicamente da súa posición dentro do polisistema, senón que incluso a práctica da tradución está fortemente subordinada a esa posición. E, incluso a pregunta ¿que é un texto traducido? non pode ser contestada a priori, en xuízos formulados fóra do contexto, idealizados e ahistóricos, senón que deberá contestarse no campo de operacións que rexe o polisistema. Contemplada desde este punto de vista, a tradución non é un fenómeno de natureza e fronteiras definidas de vez, senón unha actividade que depende das relacións que se establecen dentro dun determinado sistema cultural.

[fin da páxina] 65